*Corrección de erros.-Resolución do 17 de marzo de 2004, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, pola que se convocan exames ordinarios para a obtención de carnés profesionais no ano 2004.*

Advertidos erros na devandita resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 62, do 30 de marzo de 2004, cómpre facer as seguintes correccións:

Na páxina 4.451, onde di:

«Instalador de climatización:
17 de maio.
17 de novembro».

Debe dicir:

«Instalador de climatización:
27 de maio.
17 de novembro».

Na páxina 4.452, onde di:

«Tribunal nº 10.
Presidente: Fernando Manuel Sánchez López.
Suplente: Carlos Gómez Martínez.
Secretaria: Dolores López Beiro.
Suplente: Alberto Outeiriño Quintas».

Debe dicir:

«Tribunal nº 10.
Presidente: Fernando Manuel Sánchez López.
Suplente: Carlos Gómez Martínez.
Secretario: Alberto Outeiriño Quintas.
Suplente: Dolores López Beiro».

## CONSELLERÍA DE POLÍTICA AGROALIMENTARIA E DESENVOLVEMENTO RURAL

*Orde do 12 de marzo de 2004 pola que se fixa o prezo de venda ao público da publicación* Macromagnitudes agrarias 2000.

A Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 51 sinala a obriga de que os prezos privados sexan fixados polas consellerías correspondentes, logo de informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, e publicados no *Diario Oficial de Galicia*.

Para cumprir este mandato e despois de emitido informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, esta consellería

*DISPÓN:*

Artigo único.

1. Queda aprobado o prezo de venda ao público da publicación editada por esta consellería *Macromagnitudes agrarias 2000* ao prezo de 12 €.

2. Este prezo entenderase con IVE incluído.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2004.

Juan Miguel Diz Guedes
Conselleiro de Política Agroalimentaria
e Desenvolvemento Rural

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

*Decreto 71/2004, do 25 de marzo, polo que se establece o código numérico persoal dos profesionais que interveñen nos procedementos de prestación e xestión de servizos do sistema sanitario público galego.*

A mellora na calidade dos servizos sanitarios e na eficiencia da utilización dos recursos, en condicións de equidade, esixe a incorporación de melloras na organización e xestión dos servizos sanitarios que utilicen as capacidades que na actualidade ofrecen as tecnoloxías da información.

A dispoñibilidade de información coherente e integrada do sistema sanitario público galego precisa da normalización e soporte dos procedementos de xestión e prestación de servizos sanitarios, así como dos seus principais axentes: os usuarios e os profesionais.

Os usuarios do sistema están identificados mediante o sistema de tarxeta sanitaria, que conta cun método de identificación personalizada dos cidadáns adscritos ou atendidos polo sistema sanitario público de Galicia, que permite unha mellor xestión dos recursos e da información clínica. No ámbito da planificación e a xestión das prestacións e servizos sanitarios, este instrumento facilita apoio técnico para a aplicación de medidas de mellora da calidade dos servizos sanitarios e de optimización do gasto sanitario, para asegurar unha maior eficiencia dos recursos. Neste sentido, a súa estrutura está dotada da flexibilidade suficiente como para se adaptar ao dinamismo organizativo e dos procesos de produción.

A identificación individualizada dos profesionais contribuirá á axilización dos procesos administrativos e favorecerá un contorno máis apropiado para a mellora dos servizos sanitarios.

Por isto, é preciso regular as medidas necesarias que fagan posible a identificación individualizada dos profesionais que interveñen nos procedementos normalizados de prestación e xestión dos servizos sanitarios mediante o establecemento do código numérico persoal.

De conformidade co anterior e en virtude do previsto no artigo 33 do Estatuto de autonomía, por proposta do conselleiro de Sanidade, de acordo co ditame do Consello Consultivo, número CCG 48/2004, do 16 de marzo, e logo da deli-

beración do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do vinte e cinco de marzo de dous mil catro,

*DISPOÑO:*

Artigo 1º.-Obxecto e ámbito de aplicación.

Este decreto ten como obxecto o establecemento do código numérico persoal e do sistema de acreditación electrónica dos profesionais que interveñen nos procedementos de prestación e xestión de servizos do sistema sanitario público galego.

Para estes efectos, enténdese por código numérico persoal o código numérico composto por 16 díxitos, único para cada profesional ao longo da súa relación co sistema sanitario público galego e non reasignable.

Artigo 2º.-Estrutura do sistema de acreditación electrónica.

O sistema de acreditación electrónica constará do código numérico persoal e dos datos complementarios necesarios para a identificación do profesional. Así mesmo, poderase incluír o número de colexiado daqueles profesionais que o posúan.

O código numérico persoal asignarao a Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde cun sistema centralizado que garanta a ausencia de duplicados.

Artigo 3º.-Utilización.

O código numérico persoal incorporarase e farase constar en todos os procesos informáticos e nos documentos físicos e electrónicos da Administración sanitaria galega en que sexa precisa a identificación dos profesionais.

Asociado ao sistema de acreditación electrónica, xerarase un certificado dixital que poderá ser utilizado como sinatura electrónica e chave de acceso seguro aos sistemas informáticos.

Artigo 4º.-Modificación dos documentos e procedementos de xestión actuais.

A Administración sanitaria galega procederá á incorporación do código numérico persoal nos procesos informáticos e nos documentos físicos e electrónicos do seu ámbito competencial en que sexa precisa a identificación dos profesionais.

*Disposición transitoria*

A Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde comezará a asignación do código numérico persoal previsto neste decreto no prazo máximo de tres meses desde a súa entrada en vigor.

*Disposición derrogatoria*

Quedan derrogadas cantas disposicións de igual e inferior rango se opoñan ao establecido neste decreto.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase o conselleiro de Sanidade para ditar as disposicións precisas para a execución do establecido neste decreto.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e cinco de marzo de dous mil catro.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

José Mª Hernández Cochón
Conselleiro de Sanidade

## CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

*Orde do 26 de marzo de 2004 pola que se fixa o importe do crédito dispoñible na anualidade 2004, correspondente ás medidas complementarias na pesca costeira artesanal regulamentadas pola Orde do 4 de xuño de 2003.*

A Orde do 4 de xuño de 2003 (DOG nº 109, do 6 de xuño), regulamentaba a solicitude e trámite das axudas correspondentes ás medidas complementarias na pesca costeira artesanal e o procedemento de concesión de primas globais a tanto alzado. Nela determinábase un prazo de solicitude aberto no tempo até agosto de 2006, e fixaba a contía do crédito correspondente a anualidade de 2003.

Aprobados os orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2004, pola Lei 8/2003, do 23 de decembro, cómpre xa que logo, facer pública a contía do crédito orzamentario destinado a facer fronte ás ditas axudas.

Por outra banda, existindo ademais a posibilidade de incorporar os remanentes de crédito de exercicios anteriores, e pendentes neste caso dos trámites correspondentes, inclúese a posibilidade de incrementar a anualidade de 2004, fixada nos orzamentos en vigor, nas cantidades incorporadas para este fin.

Para tal obxecto, esta consellería

*DISPÓN:*

Artigo 1º.-Crédito orzamentario de 2004.

As axudas tramitadas durante o ano 2004 ao abeiro da Orde do 4 de xuño de 2003 pola que se establecen as bases e condicións para a adopción de medidas complementarias na pesca costeira artesanal e se regula o procedemento de concesión de primas globais a tanto alzado, tramitaranse con cargo á aplicación orzamentaria 12.04.612.V.780.0, por un importe global de 3.610.191 euros.

Artigo 2º.-Ampliación do crédito.

A contía establecida no artigo anterior para a anualidade 2004, incrementarase na cantidade resultante